



BASES PARTICIPACIÓN V MERCADO INDIANO





BASES DE PARTICIPACIÓN V MERCADIÑO INDIANO

O mercadiño indiano constitúe unha espazo dentro da V Edición Ribadeo Indiano para a mostra de postos con produtos e mercancías de ultramar e da época así como de oficios que comprenderán finais do S.XIX e principios do XX.

Lugar, data de celebración e organización

O mercado terá lugar previsiblemente **na Rúa San Roque** durante o día **7 de xullo de 2018 en horario continuo*** de 11:00h ata a finalización do festival de Habaneras que será aproximadamente sobre as 22:00h. O lugar de celebración poderá variar por causa de forza maior.

***A organización deixará que cada stand contemple a posibilidade de pechar en horario de mediodía de 15:00h a 17:00h, neste caso a vixianza e seguridade correrá a cargo dos expositores/as.**

En todo caso será obrigatorio manter a apertura dos postos de 11:00h a 15:00h en horario de mañá e de tarde a partir das 17:00h ata a finalización do festival de Habaneras.

Participación

Poderán participar preferentemente as persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan algunha actividades relacionada coa cultura indiana ou da época (finais do S.XIX e principios do S.XX)

No anexo I faise unha aproximación ás actividades sen perxucio de que as persoas interesadas propoñan calquera outra relacionada, neste caso deberán xustificar adecuadamente a súa relación.

Condições e características

- As persoas participantes empregarán vestimenta adecuada á temática do mercado (indiana e/ou de colmados da época) e correrá a cargo do expositor. Así mesmo os stands deberán estar decorados e ambientados coa temática do mercado (cáñamo, maletas, caixas antigas de madeira , sacos de arpilleira, obxectos de época etc.) e débese ocultar na medida do posible aqueles elementos modernos.
- Todos os produtos que se comercialicen no mercado de indianos deberán cumprir a normativa vixente en cada caso.

A organización non se fai responsable das perdas, roubos, furtos ou danos dos materiais e produtos durante o transcurso do mercado.





- A organización asignará os espazos e dimensións seguindo o seus propios criterios de distribución e segundo necesidades do mercado.
- Todos produtos a venda terán relación coa temática do mercado.
- Unha persoa responsable da organización percorrerá os stands para verificar que se cumpren os requisitos de participación . A organización se reserva a posibilidade de retirar , no transcurso do mercado, aqueles produtos que non contemplan estas bases.

Criterios de adxudicación

Se o número de solicitudes que cumpran os requisitos destas bases supera o número de espazos dispoñibles, a concesión será segundo os seguintes criterios de adxudicación:

1 Criterio prioritario: De cara a garantir a diversidade de produtos no mercado a organización asegurará a maior diversificación dentro de cada categoría de produtos presentados sempre que cumpran os criterios xerais destas bases.

Se aínda así , o número de solicitudes excede no número de postos ofertados, se aplicarán os seguintes criterios:

1. Estética ata 35 puntos

Para a valoración deste criterio se terá en conta a vestimenta, ambientación e decoración do posto

2. Produto ata 55 puntos

Para a valoración deste criterio se terá en conta a calidade de produto, a súa adaptación á temática do mercado.

3. Que o produto estea vinculado ao territorio ata 10 puntos

Para a valoración deste criterio se terá en conta que o produto estea implantado na comarca da Mariña Oriental e a súa área de influencia.

En caso de empate se realizará un sorteo.

Establecérase unha lista de espera para o caso de que existise algunha renuncia.





Así mesmo, a organización reservase o dereito de convidar a participar a persoas e ou entidades, que por razón do seu produto se consideren un elemento significativo da época e dinamizador do mercado.

Documentación

- Modelo I Instancia cumprimentada
- Declaración responsable
- Fotografía do produto/s obxecto de venda
- Memoria segundo baremo: vestimenta, ambientación e produtos de venda e/ou vinculación ao territorio.

Solicitudes

Os interesados/as deberán presentar as súas solicitudes no rexistro xeral do Concello ou na sede electrónica pola SEDE ELECTRÓNICA do concello <http://ribadeo.sedelectronica.gal> ou calquera outro medio recollido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. xunto co modelo de inscrición debidamente cumprimentado e a documentación requirida antes **18 de xuño**.

No caso das solicitudes no presentadas directamente no Rexistro Xeral do Concello, débese informar no correo electrónico adl@ribadeo.org con anterioridade a que remate o prazo.

Prezo de participación e selección

A participación no mercadiño terá un prezo público de 10 euros , en concepto de aluguer de stand.

Unha vez finalizada a valoración das solicitudes comunicárase a resolución positiva (polo medio que se admita en dereito, podendo facer dita comunicación con carácter complementario polo medio que máis axiña se teña constanza da súa recepción: correo electrónico, teléfono) tendo que proceder aqueles ao pago da cuota. A falla de ingreso dentro dos 5 días de ter recibido a comunicación suporá a perda do dereito de participación:

O pago realizárase no nº de conta “Caixa Rural” ES12 3070 0022 131138190028 , indicando no concepto M. Indiano, nome e apelidos e N.I.F.





Unha vez realizado o pago do stand, os artesáns que comuniquen a súa renuncia perderán o importe total abonado.

No caso de que haxa casetas dispoñibles, ben por non pagar a taxa correspondente no prazo determinado ou por renuncia á mesma, poderá chamarse ao seguinte da lista de agarda pola orde establecida na aplicación dos criterios de selección.

Montaxe e horarios

A montaxe dos stands estará aberta desde as 9:00h da mañá. A desmontaxe de stands será obrigatoriamente unha vez rematada o festival de Habaneras que será aproximadamente entre as 22:00h

Cada expositor comprométese a :

- Responsabilizarse dos produtos expostos no seu stand durante a celebración do mercado.
- Que o seu stand permaneza aberto debidamente atendido durante o horario establecido.
- **Garantir a presenza variada e un número suficiente de produtos, representativos e acreditados na instancia da solicitude.**
- No realizar promocións comerciais tales como ofertas, liquidacións, rebaixas, saldo dos por un e similares.

Organización

- No uso das súas competencias, a Organización, poderá adoptar as medidas que considere oportunas para o correcto desenvolvemento do Mercado Indiano.
- A Organización resérvase o dereito de fotografar e filmar stands e produto expostos nos mesmos.
- **A organización no se fai responsable, do furto, roubo ou desperfeitos das pezas. A seguridade e vixiancia correrá a cargo dos expositores/as.**





- A organización ten contratada unha póliza de Responsabilidade Civil.

O incumprimento destas condicións será motivo de exclusión da selección no proceso de adxudicación da edición do 2019.

Información e comunicación

Para máis información poderán poñerse en contacto coa Área de Desenvolvemento Local e Turismo de Ribadeo, no teléfono : 982128650 ou no correo electrónico adl@ribadeo.org

A concesión ou non de stands será publicada no taboleiro de anuncios , paxina web www.ribadeo.gal , correo electrónico e aqueles outro medios que se considere.

ANEXO I

- **Produtos da horta con especial incidencia nos produtos chegados das Américas : pataca , pemento, tomate , millo e outros relacionados**
- **Produtos latinos de alimentación.**
- **Colmados e outros produtos de alimentación: café, cacao, salazóns, ron, herbas , especies.**
- **Doces e pasteis típicos da época**
- **Xoguetes de época**
- **Xeados**
- **Barquillos**
- **Froitas tropicais**
- **Chocolates e cacaos**
- **Roupa, Complementos, tocados e camafeos acordes coa época**
- **Libros, revistas e outros artigos de papelería relacionados coa temática.**
- **Antigüidades e decoración da época**
- **Flores e plantas tropicais**
- **Oficios de época: barquilleiros, zapateiros/zoqueiro , etc..**
- **Outros: Xustificar a súa relación coa temática ultramar e/ou da época.**





SOLICITUDE DE INSCRICIÓN
MERCADIÑO INDIANO. V EDICIÓN RIBADEO INDIANO

ENTIDADE / NOME COMERCIAL	
NOME E APELIDOS (Representante)	
ENDEREZO COMPLETO a efectos de notificación	
DNI/ CIF ou equivalente	
TELÉFONO DE CONTACTO	
CORREO ELECTRÓNICO	
RELACIÓN DE PRODUCTOS Á VENDA	
Se o produto non se atopa dentro das categorías expostas dentro do ANEXO 1, xustificar a relación temática dos produtos	

EXPÓN

Que está interesado/a en obter a autorización municipal para a instalación dun posto para o exercicio da venda da actividade/ produto que máis arriba se sinala no mercado Indiano que se desenvolverá o día 7 de xullo con motivo da celebración da V Edición de Ribadeo Indiano, segundo as bases específicas desenvoltas para o desenvolvemento deste mercado.





DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/na _____, EN REPRESENTACIÓN DE _____
CO DNI/CIF (no seu caso) _____ DECLARA BAIXO A SUA
RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE
DOCUMENTO, QUE POSUE A DOCUMENTACION QUE ASI ACREDITA, E :

- Que cumpre tódolos requisitos establecidos pola normativa vixente para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia así como do Estado e que se compromete a mantelos durante o tempo de vixencia da autorización así como dispoñer de permiso de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, no suposto de persoas estranxeiras.
- Acreditación, no suposto de persoas xurídicas do CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- Que manterá o cumprimento dos requisitos legalmente esixidos durante todo o período de tempo inherente ao exercicio da actividade.
- Cumprir cos requisitos hixiénicos –sanitarios ou de outra índoles establecidos en relación a produto.
- Que realizou, ou realizará antes do inicio da actividade, e Alta na Declaración Censal, e está ao corrente no pago das cotizacións na Seguridade Social. Ambos os dous extremos deberán, no seu caso, acreditarse ben polo mesmo solicitante ou ben mediante autorización ao Concello para que este verifique o seu cumprimento , conforme á opción marcada a continuación pola persoa interesada:

Acredito documentalmente dito requisito.

Autorizo á Administración para que verifique o seu cumprimento .

Que aos efectos da normativa sobre protección de datos persoais autorizo a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

NO

SI





MEMORIA

1.- ESTÉTICA . DESCRICIÓN DA AMBIENTACIÓN , DECORACIÓN E VESTIMENTA O POSTO

2.- DESCRICIÓN DOS PRODUTOS A VENDER, CALIDADE E ADECUACIÓN DOS MESMOS Á TEMÁTICA DO POSTO

3.- VINCULACIÓN AO TERRITORIO





DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

-Solicitud e declaración responsable

-Memoria da actividade e do produto a vender tendo en conta os criterios das bases do mercado a efectos de realizar o baremo.

-Fotografía do produto e stand

